

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 8 de xullo de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/07/2019
- III. Modificación dos Títulos de Grao:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - (i) Memoria Final, (ii) Relación competencias-materias, (iii) Certificados colaboración con empresas, (iv) Informe de respostas
 - b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - (i) Memoria Final, (ii) Relación competencias-materias, (iii) Certificados colaboración con empresas, (iv) Informe de respostas
- IV. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- V. Calendario de Traballo Fin de Grao
- VI. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VII. Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
- VIII. Guías Docentes das Titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - c. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- IX. R1-DO0202 P1 Plan de Promoción do Centro:
 - a. Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019
 - b. Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020
- X. Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:
 - a. IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - b. IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados

Ábrese a sesión ás 12 horas e 2 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 30 de maio de 2019.

Os borradores das actas enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas de ambas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

A Directora informa sobre as seguintes cuestións.

2.1 Actividades de representación

- 14 de xuño. Asistencia de Teresa Rivas como Enlace de Igualdade do centro á “VI Xornada Universitaria Galega en xénero (RE)CONSTRUÍNDO O COÑECEMENTO” que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña.
- 20 de xuño. Asistencia da Directora como representante do centro ao acto do “20 aniversario do Tribunal de Garantías” da Universidade de Vigo.
- 26 de xuño. Asistencia da Directora como representante do centro ao acto organizado polo COIMNE con motivo da celebración de “Santa Bárbara” de verano.
- 29 de xuño. Asistencia de Iago Pozo, como representante do centro, á actividade organizada pola Plataforma “Minería Sostible”.
- 29 de xuño. Asistencia da Directora como representante de centro á reunión da Comisión da Plataforma “Minería Sostible”.

2.2 Reunións e actividades de traballo

- 5 de xuño. Reunión da Directora co Director de Área de Estudos de Grao, para informar sobre a proposta de modificación das titulacións do centro.
- 20 de xuño. Reunión da Directora e o Subdirector de Infraestruturas e AAEE do centro, David Patiño, co Director de Área de Infraestruturas e Prevención de Riscos Laborais da universidade para valorar a actuación relativa á execución do acceso directo ao centro dende o aparcadoiro de Industriais.

- 20 de xuño. Reunión da Directora co Vicerreitor de Ordenación Académica e Calidade e co Director de Área de Estudos de Grao para informar sobre o proceso de modificación das titulacións do centro.
- 24 de xuño. Reunión da Directora e do Subdirector de Relacións Externas e Mobilidade, Iago Pozo, coa Directora da Área de Imaxe e persoal técnico da Área, para valorar diferentes actuacións relativas á actualización da sinalética do centro.
- 27 de xuño. Asistencia da Directora á reunión convocada pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado Estudiantes e Extensión Universitaria para informar sobre o programa STEMBach e a súa implantación do bienio 2019/21.
- Contactos co responsables do Programa STEMBach do IES Paralaia, para a colaboración do centro no desenvolvemento do programa para o bienio 2019/21.

Agradécese a todas as persoas que participaron nestas actividades de representación e reunións de traballo.

2.3 Mobilidade e Internacionalización

A mobilidade saínte, para o curso 2019-2020, será:

- 10 estudantes ERASMUS + (de Grao en Enxeñaría da Enerxía, información na táboa)
- 1 estudante GE4 (University of Malai, Malasia)
- 1 acordo bilateral (Universidade Federico Santa María, Chile)
- 1 bolsa SICUE á Universidade do País Vasco (Biscaia)

Universidade adxudicada	Número	País	Período adxudicado
Universitatea Politehnica Timisoara (Timisoara)	1	Romanía	1º cuadrimestre
Università degli Studi di Perugia (Perugia)	1	Italia	1º cuadrimestre
The AGH University of Science and Technology (Krakow)	2	Polonia	1º cuadrimestre
Universitatea din Oradea (Oradea)	2	Romanía	Todo o curso
Norges Teknisk- Naturvitenskapelige Universitet (Trondheim)	1	Noruega	Todo o curso
Technikum Wien (Wien)	1	Austria	2º cuadrimestre
Universidade Técnica de Lisboa (Lisboa)	2	Portugal	Todo o curso

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo como responsable de RRII do centro.

2.4 Actividades desenvolvidas no centro

2.4.1 Charla informativa sobre o Máster en Enxeñaría de Minas

27 de xuño. A Coordinadora da titulación impartiu unha charla informativa sobre o Máster en Enxeñaría de Minas dirixida ao alumnado de 3º e 4º cursos dos graos do centro.

2.4.2 Viaxe estudos dos Graos do centro

Do 3 ao 5 de xuño realizouse a viaxe de estudos do alumnado dos graos do centro, asistindo 25 estudantes. Agradécese ás empresas a súa colaboración (Hunosa, Arcelor Mittal e Cuarzos Industriais), á profesora Marta Cabeza o traballo realizado acompañando ao alumnado durante unha semana e ao Consello Social a financiación da viaxe. Infórmase de que se habilitou no vestíbulo do centro un espazo con fotografías das viaxes de grao e máster e habilitarase un espazo na Web.

2.4.3 Acto Académico de Graduación

28 de xuño. Celebrouse o Acto Académico de Graduación, acto no que se graduaron 30 estudantes do Grao en Enxeñaría da Enerxía, 3 do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e 13 do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. Agradécese a todas as persoas que participaron no Acto Académico e a María Araújo a organización do evento.

2.5 Actividades de divulgación científica y oferta académica del centro

2.5.1 Xornadas de Portas Abertas

A Escola organizou a Xornada de Portas Abertas o día 19 de xuño. Realizáronse dúas quendas: 10.30 e 16.00 horas, nas que estudantes e as súas familias asistiron durante hora e media a diversas actividades centradas en medio ambiente, enerxía e materiais, todas elas vencelladas ás saídas profesionais dos graos impartidos na EME. Asistiron 3 persoas. Na Xornada participaron Elena Alonso, Roi Otero, David Patiño, Raúl Figueroa, Lucía Nieto, Ignacio Pérez e Iago Pozo.

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2019/06/18/minas-energia-ficha-futuros-alumnos/2125377.html>

O día 20 de xuño, a EME participou na Xornada de Portas Abertas da Universidade de Vigo. Asistiron 15 rapazas e rapaces con familiares. Participantes: Elena Alonso e Iago Pozo.

2.5.2 Charlas monográficas en IES

Data	Centro	Actividade	Número	Persoal EME
30/05/2019	CEIP de Sobrada_Tomiño	Taller sobre contaminación de solos	56 (5º e 6º)	Teresa Rivas
04/06/2019	IES Teis	Charla divulgativa dos graos	50 (1º e 2º bach)	Iván Montenegro (estudiante) e Iago Pozo

2.5.3 Outras actividades

Realizouse un anuncio da oferta formativa dos graos do centro para a súa emisión en Radio (Cadena 40 e Cadena Dial) durante os meses de xuño, xullo e agosto.

Lanzouse unha campaña de *landing*, que vai estar operativa durante 3 semanas en xuño-xullo, co fin de achegarse ao colectivo de interese polas titulacións de grao do centro.

Agradécese as persoas participantes nestas actividades de divulgación a súa colaboración e a Iago Pozo a súa labor como coordinador destas.

2.6 Información de procedementos administrativos y/ou académicos

2.6.1 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

A *Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional* acordou modificar a oferta do número de prazas de novo ingreso no Máster en Enxeñaría de Minas de 40 a 30 prazas.

No relativo ao procedemento de preinscrición e matrícula habilitouse o primeiro prazo de presinscrición para as titulacións de máster na UVIGO. No Máster en Enxeñaría de

Minas hai 6 estudantes preinscritos, dos cales, na listaxe provisional, hai 5 admitidos e 1 non admitido.

2.6.2 Máster Universitario en Xeoinformática

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acordou non ofertar a titulación para o curso 2019/20 para matrícula de novo ingreso, pero é necesario ofertar docencia nas materias das que non se matricularon no curso 2018/19 o estudantado que nese curso optou polo réxime de matrícula a tempo parcial.

2.6.3 Modificación do calendario escolar de Trballo Fin de Máster 2018/19

O 26 de xuño de 2019 o Consello de Goberno aprobou modificar a data límite de peche de actas de TFM para o calendario do curso 2019/20, ampliando a data ata o 13 de setembro. Desde o centro, a Dirección acordou non modificar o calendario de elaboración e tramitación de TFM actualmente aprobado, porque suporía modificar as condicións establecidas fai case un ano, e publicadas nas guías docentes en na Web do centro.

2.6.4 Calidade

Se está a traballar na elaboración do IRPD 2017/18, coa intención de que se valore na próxima sesión de Xunta de Escola, a celebrar nun par de semanas previsiblemente.

A Área de Calidade informou o 26 de xuño, no novo marco de seguimento e acreditación institucionais, acerca das titulacións e centros que van ser avaliados nesta convocatoria. Neste caso o centro ten que pasar o programa institucional de avaliación de recertificación do Sistema de Calidade. A avaliación é realizada pola Área de Calidade, en base a información contida no IRPD, ata o 31 de xullo. O prazo para presentar alegacións e accións de mellora remata o 13 de setembro.

2.6.5 Resultados Docencia Anual

Recibíronse os resultados da última avaliación do programa Docencia anual, que se presenta na seguinte táboa, nunha comparativa cos resultados do curso anterior.

Titulación	% Profesorado avaliado	Moi Favorable		Favorable		Suficiente		Desfavorable	
		15/16	16/17	15/16	16/17	15/16	16/17	15/16	16/17
Grao EE	96	8	10	34	32	3	4	6	17
Grao ERME	80	3	4	14	11	1	2	1	8
Máster Enxeñaría Minas	81	3	8	23	14	1	1	0	2
Máster Xeoinformática	73	1	2	5	5	0	0	2	1

Cabe sinalar que non se pode realizar unha análise precisa dos resultados do programa no Grao en ERME porque o profesorado tido en conta neste grao é só o profesorado das materias non comúns co Grao en EE. No relativo ao Máster en Xeoinformática, título interuniversitario, cabe sinalar que os datos corresponden ao profesorado da UVIGO.

2.6.6 Enquisas satisfacción das titulacións

Rematou o prazo de realización das enquisas de satisfacción das titulacións. A porcentaxe de participación foi a seguinte.

Titulación	Porcentaxe participación alumnado 2019	Porcentaxe participación alumnado 2018	Porcentaxe participación profesorado 2019	Porcentaxe participación profesorado 2017
Grao EE	29	41	39	61
Grao ERME	55	21	59	67
Máster Enxeñaría Minas	100	54	77	84
Máster Xeoinformática	0	–	43	–

Agradécese ao alumnado e profesorado do centro a participación nas enquisas.

2.6.7 Bolsas colaboración

Está habilitado o prazo para presentar solicitudes hasta o 18 de setembro de 2019 para as bolsas de colaboración do “Ministerio de Educación y Formación Profesional”

<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/bolsas-estudo>

2.6.8 Bolsas TFG, TFM, Teses en galego

Está habilitada a convocatoria para “Axudas para redactar e defender Teses de Doutoramento, Traballos Fin de Grao e Máster en galego, 2018/19”, ata o día 30 de agosto de 2019.

<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/premios>

2.6.9 Premios excelencia académica para alumnado que inicia estudos de mestrado na Universidade de Vigo, curso 2019/2020

Está habilitada a convocatoria de Premios excelencia académica para alumnado que inicia estudos de mestrado na Universidade de Vigo, curso 2019/2020, ata o día 30 de setembro de 2019.

<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/premios>

2.6.10 Bolsas COIMNE

O COIMNE convoca dúas bolsas para estudos de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas aos dous mellores expedientes de acceso á titulación cunha dotación de 500 €/bolsa.

2.6.11 Programa “*English Friendly*”

O 7 de xullo publicouse a convocatoria pola que se convoca o programa de materias “*English Friendly*” en Graos para o 2019/20. As materias “*English Friendly*” son materias de graos oficiais da Universidade de Vigo que se imparten en castelán e/ou galego, nas que o persoal docente encargado da súa impartición adquire os seguintes compromisos:

- Indicar o carácter *English Friendly* na guía docente da materia
- Traducir a guía docente ao inglés
- Facilitar materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, se así o demandase o/a estudante internacional
- Atender as titorías en inglés, se así o demandase o/a estudante internacional

- Diseñar e implementar probas e avaliacións en inglés, se así o demandase o/a estudante internacional.

Trátase, por tanto, dunha actividade voluntaria e habilitouse un prazo para presentar solicitudes. Na resolución definitiva do programa figuran aceptadas 10 materias dos graos do centro. Na plataforma Docnet indicouse o carácter “*English Friendly*” destas materias e habilitouse a publicación da guía en inglés. Agradécese ao profesorado implicado a disposición para colaborar neste programa:

- Elena Alonso Prieto
- Lino José Álvarez Vázquez
- María Araújo Fernández
- Pedro Arias Sánchez
- Marta Cabeza Simó
- José Bienvenido Diez Ferrer
- María Ángeles Domínguez Santiago
- Pablo Eguía Oller
- Iago Pozo Antonio
- María Remedios Yáñez Díaz.

2.6.12 Execución orzamento 2019

En relación ao reparto de inventariable de laboratorio (partida 626) está previsto aprobar a distribución de créditos na próxima sesión da Xunta de Escola

En relación aos gastos cabe sinalar que non se pode comprometer ningún gasto sen realizar previamente o correspondente pedido, xa que algunhas empresas estanse achegando ao límite de 15000 €/ano polo que é probable que non poidan facturar máis á Uvigo. Para garantir que se pode realizar o gasto hai que esperar a recibir a aceptación de pedido por parte da Área de Asuntos Económicos do centro.

2.7 Persoas egresadas

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2019/05/26/reto-cientifico-usar-conocimiento-resolver-problemas/0003_201905L26C12991.htm

A Asociación ENEN (*European Nuclear Education Network*), que se dedica a fomentar a formación na área da ciencia e a tecnoloxía nuclear, organiza un curso de verán entre os días 1 e 5 de Xullo en Budapest (<http://summerschool.enen.bme.hu/>). Lucía Nieto, egresada do Grao en Enxeñaría da Enerxía, conseguiu unha bolsa para participar na Escola de Verán, dentro do marco do proxecto ENEN PLUS.

2.8 Actividades desenvolvidas polos membros da Comunidade Universitaria

2.8.1 Participación en proxectos

ALGANAT (presentación do proxecto en febreiro de 2019). O Grupo de Ecoloxía Costeira do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal e do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente da Universidade de Vigo, xunto a persoal do Parque Nacional das Illas Atlánticas, traballarán ata xaneiro do ano 2020 no proxecto Alganat2000 (*Mellora da xestión, seguimento e mantemento da biodiversidade en áreas mariñas protexidas mediante técnicas xeoespaciais automatizadas de baixo custo para a monitorización e cartografía de hábitats intermareais*).

Trátase de achegar unha ferramenta xeoespacial, innovadora e de baixo custo coa que cartografiar e monitorizar de forma periódica as macroalgas e o seu estado fisiolóxico, contribuíndo a unha mellora na xestión integral do parque baseada no coñecemento.

2.8.2 Defensa Tese Ignacio Pérez Rey

O 4 de xullo o estudante de doutoramento e egresado do centro, Ignacio Pérez Rey, defendeu a súa tese: “*Study of the frictional behaviour of planar saw-cut rock surfaces towards a methodology for tilt testing and its application to case studies*” realizada baixo a dirección do profesor Leandro Alejano e que recibiu Mención Internacional.

2.9 Próximos eventos

2.9.1 Xornada de Benvida aos estudantes de novo ingreso

A Escola participará na Xornada de Benvida (4, 5 e 6 de setembro) organizada pola Universidade de Vigo con dous talleres.

2.9.2 Concursos e Premios

Xa foron enviadas a cartas e e-mails aos institutos, colexios, centros de formación profesional e concellos de toda Galicia indicando os concursos que se celebrarán no curso 2019-2020.

- ENFOCA.RME 2019
- Curtametraxes enerxéticas
- ENERXIZA.RME2020
- ESCAVA.RME2020

Prégase axuda na difusión destes concursos.

3. Aprobación, se procede, do informe de respostas ás alegacións e memorias definitivas das propostas de modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora explica que, trala aprobación da memoria provisional na Xunta de Escola do 30 de maio de 2019, se habilitou un prazo de exposición pública de 15 días para presentar alegacións e/ou suxestións e comenta que as que se recibiron poden clasificarse en:

1. Procedentes das alegacións e suxestións presentadas pola comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS
2. Procedentes da revisión realizada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, da Área de Calidade e do Servizo de Xestión de Estudos de Grao
3. Procedentes da revisión das Comisións de Elaboración das propostas (trala integración nas mesmas de representantes de alumnado, empresas, persoas egresadas e PAS).

A Directora procede a detallar o contido das alegacións presentadas á memoria provisional do Grao en Enxeñaría da Enerxía e a súa valoración por parte da Comisión

de Elaboración da proposta. A continuación detalla o contido das alegacións presentadas á memoria provisional do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a súa valoración por parte da Comisión de Elaboración da proposta. A información relativa ás alegacións presentadas e a súa valoración por parte das comisións de elaboración recóllese no Anexo III a este acta.

Finalmente a Directora sinala que, no relativo as memorias que se elevan á Xunta de Escola para a súa valoración (documentación enviada aos membros da Xunta de Escola), nos documentos dos dous graos figura información que conviría actualizar e que detalla a continuación:

- Para os dous graos a información do epígrafe no que se presenta a relación de persoal de administración e servizos do centro, dado que figura a información de postos de traballo cando se compartían estes servizos coa Escola de Enxeñaría Industrial e agora compártense coa Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- Para o Grao ERME sinala que a información relativa á descrición do profesorado non é correcta. Indica que a información relativa a este punto obtívose do Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, seguindo indicacións do Área de Calidade, pero detectouse que a devandita información só contempla o cadro de profesorado das materias non comúns co Grao en EE. Solicitouse a información actualizada á Unidade de Análises e Programas da Universidade para incluíla na memoria e estase pendente de recibila.

A Directora pide autorización á Xunta de Escola para modificar a información destas dúas cuestións específicas cando se dispoña dela.

Ábrese unha quenda de intervencións e a profesora Carmen Pérez pregunta o motivo polo que unha materia común aos dous graos pode ter asignadas competencias diferentes nos dous plans de estudos. A Directora sinala que se trata de materias vinculadas a competencias que se traballan noutras materias de cada plan de estudos.

Tras un breve debate propónse a aprobación do informe de respostas ás alegacións e das memorias definitivas, pendente de actualizar nos respectivos documentos a información comentada sobre o PAS e o PDI cando se dispoña dela.

Procédese a realizar a votación co seguinte resultado:

- Votos a favor: 25 votos
- Votos en contra: 0 votos
- Abstencións: 2

A Xunta de Escola aproba os informes de respostas ás alegacións e as memorias definitivas das propostas de modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora finaliza agradecendo o traballo realizado no proceso de modificación dos graos do centro ás persoas participantes nas comisións, ao PDI, ao alumnado, as persoas egresadas e as empresas e entidades.

4. Aprobación, se procede, do Calendario Escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2019-2020.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que explica brevemente a proposta de calendario escolar para as titulacións de grao (Anexo IV) destacando as modificacións sobre a primeira proposta provisional do calendario compartida e consensuada, no seu momento, co profesorado e a Delegación de Alumnado da Escola. As principais diferenzas con respecto á versión previa radican na modificación das datas marcadas internamente pola Escola para acelerar a entrega de actas de exames de Fin de Carreira e de TFG de Xullo de 2020.

Comenta tamén o calendario do Máster e xustifica as diferenzas entre os calendarios dos dous cursos. Como novidade inclúese un novo prazo interno para entrega de actas de TFM en Xullo de 2020, fronte a data oficial marcada no Calendario Escolar da Universidade de Vigo para o peche de actas de TFM e Prácticas Externas (21 de setembro de 2020). Teresa Rivas pregunta pola posibilidade de presentar TFMs no primeiro cuadrimestre. María responde que a posibilidade existe e que o prazo para solicitar adianto de convocatoria de exame de materias do 2º cuadrimestre e TFM está recollido no calendario.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2019-2020.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta a proposta (Anexo V) e volta a resaltar a inclusión dun novo prazo interno para a entrega de actas de TFG en Xullo de 2020.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

6. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2019-2020.

A Directora comenta o traballo de María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, consensuando a proposta co alumnado e co profesorado, e cédelle a palabra. A subdirectora explica que a proposta (Anexo VI) recolle os horarios para as dúas titulacións de grao impartidas no centro e para o Máster en Enxeñaría de Minas e que están consensuados co alumnado e co profesorado.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2019-2020.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación Organización Académica, que comenta que o calendario de exames (Anexo VII) parte dunha proposta da Delegación de Alumnado e inclúe algúns cambios, propostos por ela e sinalados en vermello no documento, para solucionar algúns solapes e problemas de espazos que atopou na proposta. Explica brevemente os cambios propostos.

Santiago Domínguez detecta que o 5 de xuño hai un solape entre unha materia de primeiro e unha de terceiro (mesma hora de inicio) e pide que se cambie. Tras un breve debate propónse pasar un dos exames á mañá, concretamente o exame da materia *Xeoloxía* correspondente á segunda convocatoria ordinaria.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta coa devandita modificación do exame da materia *Xeoloxía*.

8. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2019/2020.

A Directora pide desculpas polo retraso no envío das guías docentes (Anexo VIII) e cede a palabra aos coordinadores dos graos.

David Patiño, coordinador do GEE, comenta a novidade do tema de recoller a correspondente *apostila* nas materias *English Friendly*.

María Araújo, coordinadora do GERME, comenta pequenas modificacións de última hora non incluídas nas guías enviadas aos membros da Xunta de Escola para a súa revisión e aprobación. As modificacións son menores:

- un intercambio na orde de dous temas na materia *Xeofísica, xeoquímica e xeotermia*
- pequenas modificacións na guía da materia *Calor e frío* propostas, o mesmo día da celebración da Xunta de Escola, polo novo coordinador da materia trala xubilación do profesor Manuel Vázquez.

Engade que a materia *Xeoloxía* sae do programa *English Friendly* posto que non se traduciu en prazo a guía docente ao inglés, tal e como esixía a normativa do programa. Desta maneira, para o curso 2019/2020 ofértanse 9 materias *English Friendly* entre os dous graos.

Teresa Rivas, responsable da revisión das guías docentes do MUEM, comenta os problemas de asignación de profesorado e coordinadores detectados nos documentos enviados aos membros da Xunta de Escola por problemas técnicos de Docnet e engade que xa están solucionados.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das tres titulacións.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da Xunta de Escola por email (Anexos IX y X) e informa que os rexistros correspondentes foron aprobados previamente na Comisión de Garantía Interna de Calidade. A continuación expón brevemente os rexistros que se someten á aprobación da Xunta de Escola:

- **Rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.** Está formado por dous documentos:
 - **Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019** no que se recollen as actividades de difusión realizadas no devandito período, seguindo o plan de promoción aprobado o pasado curso.
 - **Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020** no que se recollen as actividades de difusión propostas para o próximo curso.

A Directora fai unha breve exposición dos documentos e indica que ambos foron elaborados por José Santiago Pozo Antonio, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Aclara que, como se comentou na Comisión de Calidade, no segundo documento falta recoller o concurso MULLE.RME do que se vai facer unha nova edición.

- **Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:**
 - IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados.

Explica que estes rexistros foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Ana M^a Cacheiro Seguín, e que neles se detallan as empresas adxudicatarias dos servizos, permanentes e contratados, así como as actuacións levadas a cabo para a súa adxudicación e/ou renovación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

10. Rogos e preguntas.

O profesor Bienvenido Diez quíxase da temperatura excesiva nos exames das convocatorias maio e xuño, e roga que se busque unha solución o criterio de emerxencia porque o alumnado pode verse afectado no seu rendemento polas condicións climatolóxicas. Eduardo Liz comenta que hai o mesmo problema nas clases en setembro. Recóllese o rogo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 26 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 08/07/2019

ANEXO III

Modificación dos Títulos de Grao:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - (i) Memoria Final,
 - (ii) Relación competencias-materias,
 - (iii) Certificados colaboración con empresas,
 - (iv) Informe de respostas

- b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - (i) Memoria Final,
 - (ii) Relación competencias-materias,
 - (iii) Certificados colaboración con empresas,
 - (iv) Informe de respostas

ANEXO IV

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola
de Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO V

Calendario de Traballo Fin de Grao

ANEXO VI

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía

ANEXO VII

Calendario de exames das titulacións impartidas na Escola
de Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO VIII

Guías Docentes das Titulacións da EME:

- a. V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- c. V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

ANEXO IX

R1-DO0202 P1 Plan de Promoción do Centro:

- a. Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción e Captación do Centro 2018/2019
- b. Plan de Promoción e Captación do Centro 2019/2020

ANEXO X

Rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:

- a. IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
- b. IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados